

Ramón Díaz Raña e a Fonte de Cornide

Antes de vir destinado a San Sadurniño, xa oíra falar dos milagres das augas a xentes do Alto do Castiñeiro (Narón) onde vivía a miña familia. Xa na parroquia, o primeiro que me falou delas foi Arturo da Escoitadoira (q.e.p.d.). Tiña problemas no intestino e esas augas, segundo me contaba, sentábanlle de marabilla. Cando eu o coñecín estaba mal e de feito teño ido a buscalo á Escoitadoira no meu "catro latas" (cando aínda non había as pistas da Concentración) para levalo ao Hospital de Ferrol onde máis tarde foi operado polo Dr. Falero. (Esa é outra longa historia). Arturo non se cansaba de contar o ben que se encontraba con esas augas; pero daquela o bo de Lino de Mera xa parara de as dar. Dicíanme que desfixera os xeonllos de tanto sacar auga. Era verdade, pois el mesmo me ensinou o resto das feridas cando entrei en contacto con el.

A min picábame a curiosidade e fun falar con Lino. Ensinoume o resultado das análises. Efectivamente tiñan unha pizca de radioactividade que, segundo lle contaran iso era o que producía o milagre en algunhas persoas. Dime tamén que pedira outros análises a Madrid; que os Doce Irmáns de Lago (Valdoviño) estaban interesados nas augas; que se podía facer un novo mundo con esas augas; que a xentiña ía empezar a ser feliz ao non ter que padecer..... Iso na primeira conversa. Eu quedei abraiado. Vin que podía ser interesante. Por iso volvíncabo de Lino máis de mil veces. Sempre me poñía o mesmo disco. (Por certo, xa que falo de discos, el tiña no que fora salón de baile - onde estaba a auga- un organiño). Aburriume. Seguíndo indo por alí para parolar con el e con Lupe e ao mesmo tempo tomar unha copiña de auga ardente que Lupe sacaba dun alzadeiro antigo,

que servía dunha botella de feitura estraña e posta enriba daquela mesa de castiñeiro... Todo un poema e un conto de fadas saídas do río; pero de tal maneira que a conversa pasou das augas milagreiras á auga ardente. Milagre tamén!

Mortos Lino e o irmán que viñera de Bos Aires, eu seguín visitando a Lupe e con ela atopeime varias veces á súa amiga Angelita de Ferretería. Outro poema e non pequeno (xa que Angelita tiña moita labia e presumía de poeta). Pero algunha das veces que estivemos sos Lupe e eu, por suposto acompañados sempre das fadas e da auga ardente, díxome: –a primeira vez un pouco entre dentes, e a segunda claramente- *“gustaríame deixar o meu capital á Deputación ou a algún organismo parecido para que aquí fixeran algo para beneficio dos vellos ou dos nenos, como hai en tantos sitios”*. Eu non souben reaccionar. Teño que confesar publicamente o meu pecado. Díxenlle que si, que estaría ben, que era unha boa idea ... Pero dinlle largas. Non collín a cousa como miña. Penso que me deu medo. Poida que as fadas me tiveran encantado ou a augardente fervendo na cachola. Non son capaz de sabelo. Si é certo que Lupe dábame moita pena ao vela tan engorroupelada, e, aínda que o sorriso sempre estaba presente na súa cara, o final do camiño non se vía lonxe.

Andando o tempo volvín ver O Muíño de Mera, agora rebautizado como “Muíño de Pepe” e atopeime alí con Pepe do Cameleiro, que foi quen mercou a herdanza de Lupe. Mostroume como canalizara as augas milagreiras dende o salón ata preto do mesón e que alí estaban para que se serviran delas a pracer os entangarañados do corpo e do espírito...